Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de abril de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o quince de abril do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto, don Juan Anta Rodríguez e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 23 DE MARZO DE 2016.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e tres de marzo de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXV EDICIÓN DO PREMIO BLANCO-AMOR DE NOVELA LONGA.- Ante a necesidade de proceder á convocatoria da **XXXV edición do Premio Blanco-Amor de novela longa,** unha vez vista a proposta de bases elaborada polos servizos provinciais, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases e convocar o Premio Blanco-Amor de novela longa, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Poderán participar nel todos os autores e autoras que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Segunda.- As novelas terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a unha soa cara e a

dous espazos, ou de 75 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a dúas caras e a dous espazos. Achegaranse tamén en soporte informático.

Terceira.- As obras presentadas terán que ser inéditas.

Cuarta.- De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á Deputación de Ourense, rúa Progreso n.º 32, 32003 Ourense, facendo constar no exterior "Para o XXXV Premio Blanco-Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posible, o seu teléfono e enderezo electrónico.

Quinta.- O prazo de admisión dos orixinais rematará o mércores 14 de setembro de 2016, cento dezanove aniversario do nacemento en Ourense de Eduardo Blanco-Amor.

Sexta.- O xurado do premio será nomeado pola Deputación de Ourense. Estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. Facúltase ao xurado para a interpretación e integración das posibles lagoas nas presentes bases en todo o relativo á concesión do premio.

Sétima.- O premio estará dotado con 12.000 € e unha obra escultórica.

Oitava.- O premio poderase declarar deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

Novena.- O xurado reunirase con tempo suficiente antes da entrega do premio e fará pública a súa decisión, perante os medios de comunicación.

Décima.- A concesión do premio implicará a cesión ao autor dos dereitos da primeira edición en lingua galega da obra. A dita edición deberá realizarse nun prazo máximo dun ano dende a data da entrega do premio, quedando sen efecto a cesión no caso de que no dito prazo non se leve a cabo.

O gañador deste premio comprométese a participar en cantas presentacións do libro lle requira a Deputación de Ourense, ata un máximo de dez.

As obras non premiadas devolveránselles aos/ás autores/as que o soliciten nun prazo dun mes contado dende o día do veredicto. En caso de non recollerse dentro deste prazo os orixinais serán destruídos.

Décimo primeira.- A entrega do premio terá lugar nun acto literario organizado pola Deputación de Ourense, o xoves 1 de decembro de 2016, trinta e sete cabodano do autor de *A Esmorga*.

Décimo segunda.- O feito de concorreren a este premio presupón que os/as autores/as aceptan as presentes bases.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL NÚMERO 58/POS/2016 DO CONCELLO DE MUÍÑOS.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Muíños, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016 no relativo ó Concello de Muíños, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 58/POS/2016 denominada "acondicionamento de espazos públicos Mugueimes, Reparade..."- a obra denominada "acondicionamento de espazos públicos en Cercedo, Fornadeiros e Soutelo", cun orzamento total de execución de 79.000,00 €.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS NÚMEROS 23/POS/2016 E 156/POS/2016 DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Castrelo de Miño, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016 no relativo ó Concello de Castrelo de Miño,

incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 23/POS/2016 denominada "1ª fase velorio municipal en Castrelo de Miño", cun orzamento de 105.000,00 euros"- a obra denominada "Obras de conservación no complexo de turismo náutico", cun orzamento total de execución de 52.500,00 euros e incorporando ó plan complementario –en substitución da obra n.º 156/POS/2016 denominada "2ª fase velorio municipal en Castrelo de Miño"- a obra denominada "Continuación do paseo fluvial do parque náutico", cun orzamento total de execución de 52.500,00 euros.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BARBADÁS.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.10 unha subvención nominativa, por importe de 12.000,00 euros, a favor do Concello de Barbadás, para a adquisición dun camión motobomba para Protección Civil.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Barbadás, nos seguintes termos:

-**Importe**: 12.000,00 euros.

-**Obxecto:** adquisición dun camión motobomba para Protección Civil.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de se-lo caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 15 de xullo de 2016.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.10 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Paderne de Allariz, para obras de infraestruturas e saneamentos.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Paderne de Allariz, nos seguintes termos:

-**Importe**: 10.000,00 euros.

-**Obxecto:** obras de infraestruturas e saneamentos.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan consta-los seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de se-lo caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 15 de xullo de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILARDEVÓS.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.10 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Vilardevós, para a adquisición de coitela quita neves e esparexedor de sal.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Vilardevós, nos seguintes termos:

-**Importe**: 10.000,00 euros.

-**Obxecto:** adquisición de coitela quita neves e esparexedor de sal.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan consta-los seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de se-lo caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 15 de xullo de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO.- No Pleno, con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 46209-45012, a cantidade de 50.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Espadanedo, para gastos de mantemento de servizos municipais correspondentes ó ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Xunqueira de Espadanedo, nos seguintes termos:

-**Importe**: 50.000,00 euros.

-**Obxecto:** gastos de mantemento de servizos municipais correspondentes ó ano 2016.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan consta-los seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de se-lo caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.

- Que os gastos xustificados acadan o 100% da subvención concedida.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2016.

9.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2015.- Unha vez visto o expediente tramitado na Sección de Subvencións, vista a proposta formulada pola comisión de valoración da convocatoria de axudas a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó ano exercicio 2015 (BOP n.º 289, do 17 de decembro de 2015), e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º) Estima-las alegacións presentadas por Iván Salgado López e Jesús Rodríguez León, polos motivos expostos na acta que se acompaña como anexo ó acordo.

2º) Desestima-la alegación presentada por José Francisco Movilla Fernández, polos motivos recollidos na acta, que se incorpora como anexo ó acto de resolución, ó abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, por presentalas fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria:

- Mara Vélez Mellado, DNI n.º 45147729V (natación).
- Arcadio Álvarez Zurbano, DNI n.º 76733292W (wushu).

4º) Denegárlle-la concesión de subvención ás seguintes solicitudes, por non supera-la puntuación mínima establecida en 55 puntos:

SARA GARRIDO RODRÍGUEZ	WUSHU
MARTIN GOMEZ CARREÑO	XADREZ
AITOR MANSO PEREZ	HIPICA

DAMIAN ANTA FERNANDEZ	ATLETISMO
EVA FEIJOO GOMEZ	NATACIÓN
MARIA GONZÁLEZ NÓVOA	TAEKWONDO
Mª EUGENIA LORENZO ESTEBAN	HIPICA
PAULA FREIRIA BRAVO	ATLETISMO
ELENA FREIRIA BRAVO	ATLETISMO
RAUL GONZALEZ CARRACEDO	CICLISMO
FELIX LORENTE PERMUY	HIPICA
JOSE MOURE DOVAL	NATACIÓN
MARTIN FERNANDEZ ALVAREZ	AUTOMOBILISMO
JOSE FRANCISCO MOVILLA FERNANDEZ	BILLAR
SANTIAGO GUTIÉRREZ MARIÑO	NATACIÓN
ECEQUIEL QUIROGA RAMOS	SALVAM. SOCORRISMO
ANXO VIGO GONZÁLEZ	NATACIÓN
MARCOS ALVAREZ GONZALEZ	ATLETISMO
ABEL FRANCO ALVAREZ	CICLISMO
DANIEL PEREZ VILLAMUDRIA	KICKBOXING
MANUEL MIGUEZ ESCUDERO	KICKBOXING
EZEQUIEL QUIROGA RAMOS	NATACIÓN
ADRIAN BLANCO PÉREZ	NATACIÓN
UXÍA GÓMEZ NOVOA	NATACIÓN
LUZ MARÍA FERNÁNDEZ LÓPEZ	NATACIÓN
ROCIO SALAS CID	XIMNASIA
ELENA GONZALEZ GARCIA	HIPICA
RUBEN BATAN ALVAREZ	KICKBOXING
EVA CARRIL GONZÁLEZ	NATACIÓN
NOEL QUIROGA RAMOS	NATACIÓN
AIDA SANCHEZ NOVELLAS	KICKBOXING
DANIEL MATEO REGO	KICKBOXING
PAULA MATEO REGO	KICKBOXING
MARTÍN GIL BLANCO	KUNG FU
ANNE VILLA MARTÍNEZ	NATACIÓN
CLAUDIA GARCIA LOPEZ	AUTOMOBILISMO

5º) Concederlles, conforme á valoración efectuada e unha vez resoltas as alegacións presentadas, as subvencións polos importes e puntuacións que se indican, ás seguintes solicitantes:

APELIDOS E NOME	MODALIDADE	PUNTOS	CONTIA
DANIEL PEREZ MORALES	XIMNASIA	975	1.450,00 €
PABLO RODRIGUEZ GUEDE	CICLISMO	917	1.450,00 €
FELIPE IGLESIAS DE LA TORRE	JIUJITSU	900	1.450,00 €
IVAN SALGADO LOPEZ	XADREZ	820	1.450,00 €
JESUS RODRÍGUEZ LEÓN	PIRAGÜISMO	516	850,00 €
JOSE MANUEL FERREIRA COLMENERO	WUSHU	515	850,00 €
YAEL CAMPELO ANTON	XIMNASIA	512	850,00 €
ALEJANDRO FERNANDEZ RIVERA	ATLETISMO	489	850,00 €
CARLOS EDUARDO NOVELLE MAN	XIMNASIA	410	600,00 €

SERGIO PARGA NORES	KUNG FU	402	600,00 €
PAULA FERNÁNDEZ JUSTO	TIRO OLÍMPICO	391	600,00 €
ADRIÁN FERNÁNDEZ LAMEIRO	PIRAGÜISMO	385	600,00 €
SANDRA SENRA CONDE	TAEKWONDO	375	600,00 €
ANDRÉS FREIJEIRO CRUZ	TAEKWONDO	371	600,00 €
DAVID DAVITE AGUIAR	TIRO OLÍMPICO	273	350,00 €
JOSE MANUEL PRADO PRADO	BOCCIA	252	350,00 €
LAURA PIMENTEL PÉREZ	NATACIÓN	202	350,00 €
MIGUEL BARBADO FERNANDEZ	BADMINTON	165	350,00 €
LORETO MARIA BLANCO PEREZ	XIMNASIA	163	350,00 €
LETICIA GIL PEREZ	ATLETISMO	157	350,00 €
JORGE ANTONIO ENCINAS ARNAU	TIRO OLÍMPICO	157	350,00 €
EZEQUIEL GAGO TROITIÑO	WUSHU	157	350,00 €
IVAN DARIO RODRIGUEZ ALZATE	HALTEROFILIA	154	350,00 €
IVAN DOCAMPO GONZÁLEZ	ATLETISMO	152	350,00 €
CARLOS REVUELTA PARRA	ATLETISMO	138	350,00 €
JUAN FRANCISCO FERNAMDEZ MUÑOZ	HIPICA	131	350,00 €
NICOLAS CID RANCAÑO	XIMNASIA	130	350,00 €
EVA ARIAS AIRA	ATLETISMO	125	350,00 €
MARC CIURANA ROCA	NATACIÓN	123	350,00 €
IVAN FEIJOO ALBERTE	CICLISMO	106	350,00 €
DIEGO FEIJOO GONZALEZ	XIMNASIA	106	350,00 €
ALEJANDRO CID MASID	XIMNASIA	104	350,00 €
AGAR GAGO TROITIÑO	WUSHU	100	350,00 €
BRAIS ANSIA LÓPEZ	WUSHU	99	350,00 €
ALBERTO TABOADA VILA	NATACIÓN	97	350,00 €
LUCAS DOMURO ARIAS	XIMNASIA	97	350,00 €
ANA GARCIA ARIAS	ATLETISMO	86	350,00 €
JUDITH MOVILLA TOURIÑO	GOLF	85	350,00 €
MIGUEL PIMENTEL PÉREZ	NATACIÓN	81	350,00 €
MARCOS GARCIA OTERO	NATACIÓN	75	350,00 €
PAULA BLANCO PEREZ	NATACIÓN	72	350,00 €
ADRIÁN PRADA PEREZ	PIRAGÜISMO	71	350,00 €
ALFONSO GARCIA EIRIZ	AUTOMOBILISMO	70	350,00 €
YAGO BLANCO GARCIA	HIPICA	70	350,00 €
ANA FERNANDEZ MORAIS	JIUJITSU	70	350,00 €
EMANUEL J. ÁLVAREZ ESCOBINO	KUNG FU	70	350,00 €
GUILLERMO GARCIA VARELA	XIMNASIA	70	350,00 €
MARIA SALAS CID	XIMNASIA	67	350,00 €
DANIEL FERNANDEZ MENDEZ	XIMNASIA	66	350,00 €
CLARA ALVAREZ ARAUJO	WUSHU	65	350,00 €
ESTHER ÁLVAREZ ÁLVAREZ	NATACIÓN	62	350,00 €
JACOBO CARIDE CID	NATACIÓN	60	350,00 €

ANEXO:

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN

MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2015

Nas datas 10 e 23 de febreiro e 8 de marzo de 2016 reuniuse, nas dependencias do Pazo dos Deportes "Paco Paz", a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó exercicio 2015 (cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 289, do 17 de decembro de 2015) integrada conforme co establecido na base 8ª da dita convocatoria.

Con data 28 de marzo de 2016 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

1º.- Alegacións presentadas: En tempo e forma, presentaron alegacións á proposta de resolución provisional do dito concurso os seguintes solicitantes:

- Iván Salgado López, xadrez.
- Jesús Rodríguez León, piragüismo.
- José Francisco Movilla Fernández, billar

Con data 13 de abril de 2015, a Comisión de Valoración **procedeu á formulación de proposta de resolución** das alegacións presentadas, co seguinte contido:

Iván Salgado López, presentou, no seu escrito, as seguintes alegacións:

O reclamante alega a comisión dun erro na súa solicitude, ao non incluír no anexo quinto a súa condición de deportista de alto nivel, recoñecida polo Consello Superior de Deportes, achegando coa reclamación copia da Resolución do 21 de maio de 2012 da Presidencia do CSD, publicada no BOE do 4 de xuño, na que se recoñece a dita condición.

En relación coa dita reclamación e aínda cando é certo que as bases establecen que a documentación valorable non pode ser obxecto de corrección, o certo é que a documentación acreditativa da dita condición xa fora achegada ante a Deputación Provincial en convocatorias anteriores deste concurso, polo que, de conformidade co establecido no artigo 23.3 da Lei xeral de subvencións, en relación co 35, parágrafo f) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non existía a obrigación de achegar o dito documento.

Polo exposto, proponse estimar a reclamación, valorando a condición de deportista nacional de alto nivel do reclamante e asignándolle a puntuación correspondente ao dito mérito.

Jesús Rodríguez León, presentou a seguinte alegación:

O reclamante manifesta a súa desconformidade coa puntuación asignada, ao non valorarse a súa condición de deportista galego de alto nivel, recoñecido pola Xunta de Galicia, circunstancia que xa fora acreditada na súa solicitude.

Unha vez revisada a documentación correspondente, advírtese a existencia dun erro, xa que, efectivamente, o reclamante acreditou a súa condición de deportista galego de alto nivel na súa solicitude.

Polo anterior, proponse modificar a valoración, adxudicándolle a puntuación correspondente ao dito mérito.

José Francisco Movilla Fernández, indica o seguinte:

En relación coa reclamación presentada por José Francisco Movilla Fernández, da modalidade de billar, na que solicita a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de "subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2015",

Infórmase o seguinte:

1º.- No relativo á revisión da puntuación do histórico de axudas concedidas en anteriores edicións, resulta que no anexo correspondente o reclamante reflicte datos que non son certos: nos anos 2005 e 2006, di que figura no grupo 2º, cando obtivo axudas do grupo 3º. No ano 2007, di que figura no grupo 3º, cando obtivo axuda do grupo 4º.

O resumo de puntuacións que lle corresponden neste apartado é o seguinte: 3 puntos grupo axudas extraordinarias ou grupo 4º e 14 puntos grupo 3º. Total 17 puntos, non 20 puntos como interesa o reclamante.

2º.- No referente ao resto de méritos que alega o reclamante, as consideracións son as seguintes:

- *Subcampión galego en categoría absoluta.* Resultado valorado cunha puntuación de 10 puntos.
- *3º do ranking nacional de snookeer.* Non se valora no apartado de "outras competicións relevantes" por non tratarse dunha competición. É un ranking. (Base 8ª-9ª)

- *Campión do Torneo Internacional Cidade de Ourense*. Non se valora, por non ter a consideración de competición relevante. (Base 8ª-9ª)
- *Por ser o único deportista DGAN nos últimos anos na disciplina de billar*. O deportista reclamante finalizou a súa inclusión no rexistro correspondente como deportista galego de alto nivel o día 16 de febreiro de 2014, polo que non ten encaixe nesta convocatoria que está comprendida entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.
- *Pola traxectoria como deportista de alto nivel representando a España nos últimos anos: campionato Europa, campionato do mundo, eutour, etcétera.* Xa se valoraron nos anos anteriores. Agora non procede, porque a indicada traxectoria xa se valorou no seu momento.

  Para a avaliación actual da traxectoria do deportista observase que figuran resultados nos campionatos de España e outras competicións, nos anos 2012 e 2013, pero non existen participacións no 2014 e no 2015 en campionatos de España nin noutras competicións relevantes. Convén lembrar que esta convocatoria comprende precisamente estas dúas últimas anualidades.

  En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

En virtude de canto antecede, a **comisión,** por unanimidade, **acorda elevar á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de** resolución do concurso co seguinte contido:

1º) Estimar as alegacións presentadas por Iván Salgado López e Jesús Rodríguez León, polos motivos expostos na presente acta.

2º) Desestimar a alegación presentada por José Francisco Movilla Fernández, polos motivos recollidos na presente acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes por presentalas fora do prazo establecido nas bases da convocatoria:

- Mara Vélez Mellado, DNI n.º 45147729V(natación).
- Arcadio Álvarez Zurbano, DNI n.º 76733292W(wushu).

4º) Denegar a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, por non supera-la puntuación mínima establecida en 55 puntos:

SARA GARRIDO RODRÍGUEZ	WUSHU
MARTIN GOMEZ CARREÑO	XADREZ
AITOR MANSO PEREZ	HIPICA
DAMIAN ANTA FERNANDEZ	ATLETISMO
EVA FEIJOO GOMEZ	NATACIÓN
MARIA GONZÁLEZ NÓVOA	TAEKWONDO
Mª EUGENIA LORENZO ESTEBAN	HIPICA
PAULA FREIRIA BRAVO	ATLETISMO
ELENA FREIRIA BRAVO	ATLETISMO
RAUL GONZALEZ CARRACEDO	CICLISMO
FELIX LORENTE PERMUY	HIPICA
JOSE MOURE DOVAL	NATACIÓN
MARTIN FERNANDEZ ALVAREZ	AUTOMOBILISMO
JOSE FRANCISCO MOVILLA FERNANDEZ	BILLAR
SANTIAGO GUTIÉRREZ MARIÑO	NATACIÓN
ECEQUIEL QUIROGA RAMOS	SALVAM. SOCORRISMO
ANXO VIGO GONZÁLEZ	NATACIÓN
MARCOS ALVAREZ GONZALEZ	ATLETISMO
ABEL FRANCO ALVAREZ	CICLISMO
DANIEL PEREZ VILLAMUDRIA	KICKBOXING
MANUEL MIGUEZ ESCUDERO	KICKBOXING
EZEQUIEL QUIROGA RAMOS	NATACIÓN
ADRIAN BLANCO PÉREZ	NATACIÓN
UXÍA GÓMEZ NOVOA	NATACIÓN
LUZ MARÍA FERNÁNDEZ LÓPEZ	NATACIÓN
ROCIO SALAS CID	XIMNASIA
ELENA GONZALEZ GARCIA	HIPICA
RUBEN BATAN ALVAREZ	KICKBOXING
EVA CARRIL GONZÁLEZ	NATACIÓN
NOEL QUIROGA RAMOS	NATACIÓN
AIDA SANCHEZ NOVELLAS	KICKBOXING
DANIEL MATEO REGO	KICKBOXING
PAULA MATEO REGO	KICKBOXING
MARTÍN GIL BLANCO	KUNG FU
ANNE VILLA MARTÍNEZ	NATACIÓN
CLAUDIA GARCIA LOPEZ	AUTOMOBILISMO

5º) Concederlles, conforme á valoración efectuada e unha vez resoltas as alegacións presentadas, as subvencións polos importes e puntuacións que se indican, ós seguintes solicitantes:

APELIDOS E NOME	MODALIDADE	PUNTOS	CONTIA
DANIEL PEREZ MORALES	XIMNASIA	975	1.450,00 €
PABLO RODRIGUEZ GUEDE	CICLISMO	917	1.450,00 €
FELIPE IGLESIAS DE LA TORRE	JIUJITSU	900	1.450,00 €
IVAN SALGADO LOPEZ	XADREZ	820	1.450,00 €

JESUS RODRÍGUEZ LEÓN	PIRAGÜISMO	516	850,00 €
JOSE MANUEL FERREIRA COLMENERO	WUSHU	515	850,00 €
YAEL CAMPELO ANTON	XIMNASIA	512	850,00 €
ALEJANDRO FERNANDEZ RIVERA	ATLETISMO	489	850,00 €
CARLOS EDUARDO NOVELLE MAN	XIMNASIA	410	600,00 €
SERGIO PARGA NORES	KUNG FU	402	600,00 €
PAULA FERNÁNDEZ JUSTO	TIRO OLÍMPICO	391	600,00 €
ADRIÁN FERNÁNDEZ LAMEIRO	PIRAGÜISMO	385	600,00 €
SANDRA SENRA CONDE	TAEKWONDO	375	600,00 €
ANDRÉS FREIJEIRO CRUZ	TAEKWONDO	371	600,00 €
DAVID DAVITE AGUIAR	TIRO OLÍMPICO	273	350,00 €
JOSE MANUEL PRADO PRADO	BOCCIA	252	350,00 €
LAURA PIMENTEL PÉREZ	NATACIÓN	202	350,00 €
MIGUEL BARBADO FERNANDEZ	BADMINTON	165	350,00 €
LORETO MARIA BLANCO PEREZ	XIMNASIA	163	350,00 €
LETICIA GIL PEREZ	ATLETISMO	157	350,00 €
JORGE ANTONIO ENCINAS ARNAU	TIRO OLÍMPICO	157	350,00 €
EZEQUIEL GAGO TROITIÑO	WUSHU	157	350,00 €
IVAN DARIO RODRIGUEZ ALZATE	HALTEROFILIA	154	350,00 €
IVAN DOCAMPO GONZÁLEZ	ATLETISMO	152	350,00 €
CARLOS REVUELTA PARRA	ATLETISMO	138	350,00 €
JUAN FRANCISCO FERNAMDEZ MUÑOZ	HIPICA	131	350,00 €
NICOLAS CID RANCAÑO	XIMNASIA	130	350,00 €
EVA ARIAS AIRA	ATLETISMO	125	350,00 €
MARC CIURANA ROCA	NATACIÓN	123	350,00 €
IVAN FEIJOO ALBERTE	CICLISMO	106	350,00 €
DIEGO FEIJOO GONZALEZ	XIMNASIA	106	350,00 €
ALEJANDRO CID MASID	XIMNASIA	104	350,00 €
AGAR GAGO TROITIÑO	WUSHU	100	350,00 €
BRAIS ANSIA LÓPEZ	WUSHU	99	350,00 €
ALBERTO TABOADA VILA	NATACIÓN	97	350,00 €
LUCAS DOMURO ARIAS	XIMNASIA	97	350,00 €
ANA GARCIA ARIAS	ATLETISMO	86	350,00 €
JUDITH MOVILLA TOURIÑO	GOLF	85	350,00 €
MIGUEL PIMENTEL PÉREZ	NATACIÓN	81	350,00 €
MARCOS GARCIA OTERO	NATACIÓN	75	350,00 €
PAULA BLANCO PEREZ	NATACIÓN	72	350,00 €
ADRIÁN PRADA PEREZ	PIRAGÜISMO	71	350,00 €
ALFONSO GARCIA EIRIZ	AUTOMOBILISMO	70	350,00 €
YAGO BLANCO GARCIA	HIPICA	70	350,00 €
ANA FERNANDEZ MORAIS	JIUJITSU	70	350,00 €
EMANUEL J. ÁLVAREZ ESCOBINO	KUNG FU	70	350,00 €
GUILLERMO GARCIA VARELA	XIMNASIA	70	350,00 €
MARIA SALAS CID	XIMNASIA	67	350,00 €
DANIEL FERNANDEZ MENDEZ	XIMNASIA	66	350,00 €
CLARA ALVAREZ ARAUJO	WUSHU	65	350,00 €
ESTHER ÁLVAREZ ÁLVAREZ	NATACIÓN	62	350,00 €
JACOBO CARIDE CID	NATACIÓN	60	350,00 €

10.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DENTRO DO PROGRAMA OURENSE LÍDER.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións dentro do Programa Ourense Líder da Deputación Provincial de Ourense, ano 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.-Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de *7 bolsas individuais* de estancias e prácticas laborais, de 6 meses de duración, en empresas dos Estados Unidos de América, que teñen como finalidade apoiar os participantes en actividades de formación para a adquisición de coñecementos, competencias e cualificacións que completen o desenvolvemento persoal e profesional, facilitando con isto o desenvolvemento de talento e a capacidade de liderado.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa persoas en posesión de titulación universitaria. As prácticas desenvolveranse en empresas asentadas nos Estados Unidos de América.

Será competencia desta Deputación Provincial a adxudicación de destinos para aquelas persoas seleccionadas como bolseiras, en atención ao ámbito de actividade das empresas participantes no Programa, á adecuación dos candidatos ao programa e ao nivel amosado de coñecemento de idioma inglés.

Terceira.- Requisitos dos beneficiarios.

Poderán obter bolsa os solicitantes, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír titulación universitaria dalgunha da seguintes disciplinas:
    - Administración e Dirección de Empresas
    - Comercio
    - Empresas
    - Economía.
    - Dereito
    - Enxeñería.
    - Arquitectura.

- Bioloxía

- Estar empadroado nalgún concello da provincia de Ourense con data anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.
- Ter menos de 30 anos no ano de presentación da solicitude. Para os efectos desta subvención, entenderase que teñen 30 anos e, polo tanto, excluídas desta subvención aquelas persoas que cumpren esta idade no ano 2016, e isto con independencia de telos ou non cumpridos á data de presentación da solicitude.
- Ter obtido a titulación coa que se presentan á solicitude da bolsa nos anos 2016, 2015, 2014 ou 2013. No caso de estar concorrendo a este proceso cunha titulación de prosgrao será o ano de obtención deste título o que se teña en conta para entender cumprido este requisito.
- Ter un nivel de idioma inglés acreditado de, polo menos B.2 ou equivalente segundo o previsto no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensinanza e avaliación (MCERL).
- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa de programas de mobilidade da Deputación Provincial de Ourense para realización de prácticas laborais no estranxeiro, e isto con independencia de ter concluído, ou non, o devandito programa concedido por causas alleas á Institución Provincial.

Cuarta.- Dispoñibilidades orzamentarias

Para as bolsas incluídas nesta convocatoria, o financiamento é da Deputación Provincial de Ourense, ascendendo a un importe máximo de 103.000,00 €.

As bolsas enmárcanse na partida orzamentaria 241.12/481.05 do exercicio de 2016.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación

1. Ao abeiro do establecido no artigo 7.2.d) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

2. O formulario de solicitude de bolsas do Programa Ourense LÍDER reguladas nestas bases só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir a través da plataforma web **http://lider.depourense.es**

O proceso de solicitude farase en dous pasos: 1) realización e xeración/validación da solicitude e 2) rexistro telemático da solicitude.

2.1 En primeiro lugar, deberase cubrir o formulario da solicitude e o consentimento expreso do solicitante para a verificación dos seus datos de identidade, residencia e de carácter académico que sexan precisos en atención á documentación reflectida nesta base, punto 5.b e cuxa comprobación se fará a través dos servizos de consulta de datos de identidade (CDISFWS01), consulta e verificación de residencia con data da última variación (SVDREXTEFECHAWS01), e consulta de títulos universitarios (SVDTUWS01) respectivamente, formando parte todos eles do convenio subscrito entre a Deputación de Ourense e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas enmarcado no Proxecto SCSP**,** sen prexuízo de que se lles poida solicitar aos interesados a acreditación daqueles requisitos que non sexa posible comprobar de forma automatizada, documentos todos eles obrigatorios para comprobar a concorrencia, nas persoas solicitantes, dos requisitos necesarios para optar ás bolsas. A realización do formulario completarase no momento de xeración/validación da solicitude no que se procederá a gravar estes datos impedindo a súa modificación posterior.

2.2 En segundo lugar, procederase ao rexistro telemático da solicitude xa xerada. Este procedemento tramitarase a través do Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense, localizado no enderezo http://portelo.depourense.es. Para proceder ao rexistro telemático será preciso facelo, ou ben, utilizando o DNI electrónico da persoa solicitante, ou ben, solicitando e autorizando aos funcionarios habilitados para rexistrar electronicamente na Deputación de Ourense que fagan no seu nome o correspondente rexistro electrónico da súa solicitude. Esta solicitude/autorización farase a través do propio formulario de solicitude de bolsa no que se prevé esta opción.

Unha vez completado correctamente o proceso, xerarase o documento acreditativo da solicitude rexistrada.

A posibilidade de contar con apoio técnico para resolver posibles dúbidas que poidan presentarse na realización e tramitación da solicitude estará operativa ata as 14.30 h do último día do prazo.

3. Cada peticionario/a só poderá solicitar unha bolsa ao abeiro desta convocatoria, aínda que posúa máis dunha titulación.

4. O prazo improrrogable de presentación será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O establecemento deste prazo xustifícase pola necesidade de axilizar ao máximo a tramitación do procedemento, por mor da peculiar dificultade que supón a xestión das estancias dos bolseiros nos seus destinos nos Estados Unidos.

5. As solicitudes deberán formularse achegando a documentación administrativa e o consentimento para a comprobación da documentación que acredite o cumprimento das condicións obrigatorias para optar a estas bolsas e que se fará segundo o procedemento descrito nesta base, punto 2.1.

a) Documentación administrativa:

1.- Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación axustada ao modelo oficial, que só se poderá obter a través da plataforma informática: **http://lider.depourense.es**

Neste formulario, ademais dos:

a. Datos persoais (identidade e idade da persoa solicitante).
b. Datos académicos (titulación e ano de obtención da titulación invocada)
c. Residencia (empadroamento na provincia de Ourense en data anterior á de comezo de prazo para presentación de solicitudes)

Contense unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso/a o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. O/A solicitante deberá sinalar no espazo correspondente que se atopa nesta circunstancia.

Os datos que se fagan constar neste formulario serán verificados pola Deputación de Ourense de forma automática e segundo o procedemento xa descrito, facultándose

excepcionalmente á Deputación a solicitarlle ao peticionario a acreditación documental en atención a incidencias que poidan xurdir na fase de verificación automática.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o(s) documento(s), poderáselles requirir aos solicitantes para que os escaneen e os engada á súa petición informática.

Sexta.- Gastos cubertos pola bolsa

a) Considéranse gastos cubertos pola bolsa os seguintes:

- Custos de desprazamento de ida e volta en avión (ida para o comezo do programa e retorno ao final da estancia programada).
- Prácticas laborais nunha empresa seleccionada en atención ao perfil profesional do/a beneficiario/a.
- Titoría de prácticas laborais durante o tempo de inserción laboral en empresas situadas no país de destino.
- Custos de aloxamento.
- Seguro de enfermidades e accidentes.
- Xestión do visado necesario para realizar as prácticas en EE.UU

Sétima.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante trámite de carácter urxente, motivado pola necesidade de axilizar o procedemento para posibilitar a mellor xestión dos destinos dos bolseiros en empresas dos Estados Unidos de América. A declaración de urxencia terá como efecto a tramitación preferente do expediente e a redución á metade dos prazos de tramitación previstos na lexislación aplicable, recolléndose xa nestas bases os prazos reducidos que serán de aplicación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Área de Benestar procederá á instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata cinco días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación presentada. O requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense: http://portelo.depourense.es e na páxina web **http://lider.depourense.es**

Para a achega desta documentación utilízase como oficio de remisión o formulario número 2. Este formulario só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir, necesariamente, a través da aplicación informática http://lider.depourense.es. O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

Simultaneamente á emenda de deficiencias materiais da documentación, os solicitantes deberán concorrer á realización dunha proba de lingua inglesa, así como unha entrevista persoal cuxo obxecto será a comprobación de adecuación do solicitante ao programa.

As probas e a entrevista serán realizadas e avaliadas por técnicos da Área de Benestar. En todo caso a Área de Benestar da Deputación, na súa condición de instrutora do expediente e/ou a Comisión de Valoración prevista nas presentes bases, poderá solicitar da Fundación Advanced Leadership o asesoramento ou asistencia que precise consonte co convenio asinado entre a referida fundación e a administración provincial para a coorganización e cofinanciamento do programa de bolsas "Ourense Líder". Deixarase constancia no expediente do resultado das probas e da valoración efectuada, mediante informe subscrito polos técnicos avaliadores, que terá carácter motivado.

En todo caso, a valoración das probas e entrevistas realizadas a aqueles solicitantes que deban corrixir deficiencias na documentación quedará condicionada á efectiva realización da dita corrección en tempo e forma.

A comunicación do lugar e as horas para a realización das ditas probas farase mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación http://portelo.depourense.es.

A proba de inglés terá carácter eliminatorio. Valorarase de 0 a 10 puntos, declarándose superada por aqueles aspirantes que obteñan 5 ou máis puntos. Só os aspirantes que superen a proba de inglés terán dereito á realización da entrevista persoal. A relación de aspirantes que superaron a proba de idiomas darase a coñecer mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación http://portelo.depourense.es.

A entrevista persoal realizarase posteriormente á proba de inglés. Valorarase de 0 a 10 puntos. O lugar de realización, así como o día e a hora, daranse a coñecer mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación http://portelo.depourense.es

Esta fase de entrevista deberá ser superada con éxito polo/a solicitante da bolsa. O obxecto é determinar a adecuación do/a solicitante ao programa en atención ao seu perfil profesional, ás empresas contactadas en destino e ao idioma estranxeiro que coñeza o/a solicitante.

Tendo en conta a posibilidade de que no momento en que se realice a primeira entrevista co/coa solicitante non estean concretados os posibles destinos dispoñibles e en atención á necesidade de compaxinar perfil profesional e destino potencial, a Deputación Provincial de Ourense poderá convocar a unha segunda entrevista persoal aos solicitantes, co obxecto de confirmar a idoneidade entre o perfil do/a solicitante e a oferta concreta de prácticas dispoñibles, cando o resultado da primeira entrevista non permita determinar plenamente a dita adecuación.

Estas entrevistas, de ser o caso, realizaranse en datas e horas que se lles comunicarán individualmente a cada un/unha dos/as solicitantes.

Unha vez concluídas as probas, o expediente pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos solicitantes que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, ou non concorresen á realización das probas ou da entrevista, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración conforme cos criterios recollidos na base novena.

Oitava.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Dous técnicos da Área de Benestar. Un/unha dos/as técnicos/as actuará como secretario/a da comisión, coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas.

Novena.- Criterios para a concesión de bolsas

A comisión levará a cabo unha selección dos solicitantes en virtude dos resultados obtidos na realización das distintas probas. Estes resultados serán obtidos a partir do seguinte:

- Puntuación obtida na proba de idioma inglés: 50% do resultado final da nota.
- Puntuación obtida na fase de entrevista persoal: 50% do resultado final da nota

A Comisión de Valoración poderá proporlles a exclusión da bolsa a aqueles aspirantes que na entrevista persoal manifesten unha clara inadecuación aos obxectivos do programa.

Décima.- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

A resolución terá o seguinte contido:

- Beneficiarios da bolsa.
- Lista de reserva de posibles suplentes para o caso de renuncia ou baixa.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a notificación da resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

No mesmo prazo, os beneficiarios deberán constituír, en concepto de garantía, unha fianza por importe de 200 euros. A constitución da garantía sinala o momento do nacemento das obrigas mutuas entre as partes (Deputación e beneficiario), e supón a aceptación incondicional e sen reserva da bolsa concedida.

A constitución desta garantía só poderá ser tramitada de forma telemática seguindo as instrucións establecidas na paxina web **http://lider.depourense.es**

A dita garantía responde do cumprimento das obrigacións do bolseiro derivadas da aceptación da bolsa. En caso de incumprimento, a Deputación Provincial poderá proceder á execución da garantía mediante expediente contraditorio, que será tramitado polos servizos de Intervención, reservándose a Deputación o dereito de documentar e cuantificar economicamente os prexuízos derivados deste incumprimento, no caso de ser imputable só ao beneficiario, e repercutilos contra o beneficiario da bolsa.

A garantía devolverase de oficio unha vez concluído o programa e completadas as obrigas administrativas deste, sempre que non existan responsabilidades que deban facerse efectivas con cargo a esta.

Entenderase que os beneficiarios renuncian á bolsa en caso de non constituír a garantía na forma e no prazo establecidos. Neste caso, a Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia, procederá a adxudicarlles a bolsa aos solicitantes que figuran na lista de suplentes en atención á puntuación que obtiveran nas probas de selección.

A resolución comprenderá o acto de outorgamento da bolsa e a asignación dun destino onde ser realizará o período de prácticas. Para a determinación da empresa concreta onde as desenvolverá, procederase do seguinte xeito:

a) A Deputación ofertaralles aos bolseiros unha empresa dispoñible no destino, seleccionada de acordo co perfil do bolseiro.

b) O bolseiro será entrevistado pola empresa, que decidirá, en función desta entrevista, se aceptan ao bolseiro no programa de prácticas, quedando deste xeito determinada a empresa de realización das ditas prácticas.

c) No suposto de que o bolseiro sexa rexeitado por esta empresa, a Deputación Provincial realizará as xestións oportunas para a localización de novas empresas. No caso de que non se atopen empresas novas, ou estas rexeitasen igualmente o bolseiro, a Deputación declarará a perda do dereito á bolsa, sen que esta declaración dea lugar a ningún tipo de dereito indemnizatorio para o interesado.

Undécima.- Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense, sen prexuízo da publicidade xeral das subvencións concedidas a través do Boletín Oficial da Provincia e do Diario Oficial de Galicia, conforme co artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

Décimo segunda.-Xustificación

Consistirá na acreditación fidedigna da súa estadía de desenvolvemento da práctica no destino, mediante a presentación da documentación que indicará oportunamente esta Deputación Provincial, en función das especificidades do destino asignado.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na referida lei, a cumprir as normas e obrigas derivadas da aceptación da bolsa e/ou da firma do contrato da bolsa no destino asignado na resolución e nas condicións no antedito contrato.

Así mesmo, realizaranse reunións de traballo e reunións informativas con carácter obrigatorio, tanto previas á saída, como ao regreso da estancia distribuídas en varias sesións e cunha duración total de 15 horas. A asistencia a estas reunións será obrigatoria para os beneficiarios.

A falta de asistencia ás reunións de traballo ou o incumprimento das obrigas polos beneficiarios poderá ser motivo de declaración de perda do dereito á subvención e, de ser o caso, dará lugar á execución da garantía.

Décimo cuarta.- Reintegro da bolsa

No caso de incumprimento polo solicitante das condicións da bolsa por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e/ou derivadas da aceptación da bolsa e/ou da subscrición do contrato de bolsa, procederase á tramitación dun expediente de reintegro do importe do pago directo da bolsa.

Sen prexuízo do anterior, no caso de producirse un abandono inxustificado da bolsa logo da súa aceptación, e/ou en calquera fase de desenvolvemento desta, a Deputación Provincial poderá reclamar os importes consumidos da bolsa ata a data de abandono, na parte non cuberta pola garantía.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro da bolsa, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo quinta.-Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración Local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as obrigas ás que se comprometen as partes coa aceptación da bolsa e a sinatura do contrato de bolsa.

2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.

11.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NA PROVINCIA DE OURENSE.- O comportamento demográfico é un dos factores que máis preocupan no desenvolvemento socioeconómico dunha sociedade. Son estes os que exercen unha influencia decisiva na estrutura e no comportamento dun contorno, os que proxectan e marcan o futuro dun ámbito xeográfico concreto.

A sociedade e os modelos de fecundidade teñen cambiado e non podemos descoñecer que o descenso de nacementos leva consigo cambios de distribución de recursos e de proxección de futuro en termos económicos e sociais.

Segundo os últimos datos oficiais publicados do Instituto Galego de Estatística, a comunidade galega foi unha das tres comunidades autónomas de España que peor comportamento presentou en taxa de natalidade (número de nacementos que se producen por cada 1.000 habitantes), e que a coloca no antepenúltimo posto, case empatada con Castela-León e a pouca distancia da último posto, o da comunidade asturiana. Galicia está a 1.9 puntos por debaixo da media de España, e dentro de Galicia a provincia de Ourense é a que representa a taxa de natalidade máis reducida: 5.8, o que a coloca a 1.4 puntos da media galega (7.2), e a 4.1 puntos da media de España (9.1)

Neste mesmo ano, o número de fillos por muller en Ourense é de 1.0, un pouco inferior á media de Galicia (1.1), e da española (1.32), afastadas, todas elas, do índice do 2.1 fixado oficialmente para garantir o reemprazo xeracional: a existencia de poboación estable.

En números absolutos significou que ese ano naceron na provincia de Ourense 1.863 nenos e nenas.

Estes datos de nacementos/ano, xunto con outros datos demográficos, tales como a perda de poboación de entre 15 e 34 anos, sufrida nos últimos anos, ou a localización dos nacementos na cidade e vilas máis poboadas dá conta de que nun futuro non moi remoto podemos vernos enfrontados a un problema de despoboación na provincia.

A Deputación de Ourense asume o compromiso de apoiar ás familias con medidas de carácter económico, entendendo que as familias son as unidades básicas de articulación social, ao tempo que entende que afianzar a poboación dentro da nosa provincia estará contribuíndo ao seu futuro, non só en termos económicos polo relevo xeracional que implica, senón tamén como medio idóneo para a transmisión da cultura e do patrimonio que nos identifica como ourensáns, e mesmo son as familias os verdadeiros transmisores da solidariedade interxeracional e de benestar dos contornos.

Logo disto, unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para o fomento da natalidade na provincia de Ourense, ano 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da subvención

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Area de Benestar outorgaralles, mediante concorrencia non competitiva, ás familias que durante o ano 2016 teñan un fillo ou filla, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 la Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 285, do 13 de decembro de 2013).

2. A través do procedemento regulado nestas bases, a Deputación de Ourense concederá subvencións polo feito certo do parto/adopción dun neno/a nacido/a durante o ano 2016.

Segunda.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios destas axudas os proxenitores ou adoptantes dun neno ou nena nacido/a durante o ano 2016 (dende o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016), sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

- Figurar empadroado nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude da axuda.
- Ter unha antigüidade no empadroamento na provincia de Ourense, polo menos, de 2 anos inmediatamente anterior á data do nacemento do menor que motiva a solicitude.

Cada neno/a nacido/a dará dereito a unha única subvención a favor dun dos solicitantes, proxenitores do menor.

Terceira. Dispoñibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48909, ata un máximo de 800.000 € (oitocentos mil euros). Periodicamente a Área de Benestar da Deputación de Ourense realizará un balance orzamentario do desenvolvemento de programa.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Cuarta.- Contía

A subvención terá un importe certo de 300 € por neno/a nacido/a durante o ano 2016

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1. As solicitudes poderanse presentar desde o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 1 de decembro de 2016. No caso de que o nacemento do menor que motiva a solicitude tivera lugar entre o 1 de decembro e o 31 de decembro de 2016, o prazo de solicitude rematará o día 15 de xaneiro do ano 2017.
2. As solicitudes deberanse presentar telematicamente, a través do enderezo http://natalidade.depourense.es rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do artigo 27.6 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por

outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

3. O rexistro da solicitude telemática poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes modos:
    a. Polo propio solicitante, empregando o seu DNI electrónico
    b. Por funcionarios da Área de Benestar da Deputación de Ourense, autorizados polo solicitante para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
4. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se estableza. Este proceso tramitarase todo a través da plataforma informática. A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia de documentación anexa prevista neste apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que esta deficiencia conste emendada.

   Opcionalmente, na solicitude o beneficiario poderá autorizar á Deputación de Ourense a enviarlle a través do correo electrónico e/ou mensaxería electrónica (sms, whatsapp etcétera), a comunicación da publicación do acordo de resolución do concurso. No caso de non incluírse esta autorización na solicitude, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través do enderezo electrónico http://natalidade.depourense.es.
5. Coa solicitude deberá achegarse autorización para que a Deputación de Ourense comprobe:
    a. O DNI, ou documento de identificación do/a solicitante.
    b. A inscrición no padrón do solicitante acreditativo da súa residencia na provincia de Ourense e os datos referidos á antigüidade da dita inscrición, sempre que isto sexa posible.
    c. A inscrición no rexistro civil do menor, en calquera dos rexistros da provincia de Ourense sempre que tales rexistros consten informatizados. De non ser o caso, presentarán copia escaneada do certificado de nacemento do neno/a.

Mediante estas autorizacións, que se cubrirán na propia solicitude telemática, e baseándose no acordo de prestación de servizos de administración electrónica subscrito entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Deputación Provincial de Ourense, a administración provincial procederá á verificación e consulta de datos a través da plataforma de intermediación de datos, desenvolvida para facilitar o cumprimento do artigo 6.2 b) da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratar estes datos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta prepago e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, poderáselle requirir ao solicitante para que a escanee e a engada á súa petición informática.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Area de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada quince días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do venres anterior ao da valoración ata as 23.59 horas a do xoves, previo ao venres de valoración salvo daquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirir ao solicitante para presentar algunha documentación. O sistema determinará a cualificación como "conforme con axuda a natalidade Deputación" ou "excluída", en atención a que se cumpran os requisitos de acceso esixibles para ter dereito a ela ou non. Logo da comprobación conforme das características de acceso incluiranse na resolución quincenal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluirán todas as que foron obxecto de xestión nesa quincena, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes. Paralelamente remitiráselle á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituído pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido na Lei de procedemento administrativo.

Sétima.- Tarxeta electrónica da Deputación

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución semanal recibirán no enderezo sinalado na solicitude, a súa "TARXETA ELECTRÓNICA DEPUTACIÓN".

O funcionamento da tarxeta electrónica da Deputación é o que segue:

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta, para o que seguirá as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usala en farmacias e parafarmacias para a adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde relacionados co primeiro ano de vida dun bebé, estando excluído o seu uso on line e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta será o ano 2016 e será o límite máximo durante o que poderá gastarse a subvención concedida. Só naqueles casos nos que o nacemento tivera lugar entre o 1 e o 31 de decembro de 2016, a tarxeta estará activa ata o 28 de febreiro de 2017.

Oitava.- Gastos subvencionables

As subvencións terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior á de nacemento do neno/a que motiva a subvención e sempre dentro do prazo máximo da subvención. (Con carácter xeral, ao 31 de decembro de 2016 e, só excepcionalmente para aqueles nacementos ocorridos entre o día 1 e o 31 de decembro de 2016 ata o 28 de febreiro de 2017).
2. Que conste como executor/a do gasto a persoa beneficiaria da subvención.

Novena.- Xustificación da subvención e pago de subvencións

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante-beneficiario da circunstancia acreditada de ser proxenitor/a dun neno/a nacido durante o ano 2016 non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nesta bases serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poida derivar ningún dereito para aquel beneficiario que non tivera feito uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Décima.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

Undécima.- Normativa Supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.

12.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Neste punto da orde do día a Presidencia presenta a seguinte comunicación:

13.a) PREMIO NACIONAL "EXCELENTIA" Á REAL BANDA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.- A instancias do deputado delegado da Área de Cultura, don Manuel Doval Soto, a Presidencia trasládalle á Xunta de Goberno a noticia da concesión á Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense do premio nacional "Excelentia" como proxecto máis destacado no ámbito da música e da cultura en España.

Por unanimidade, a Xunta de Goberno acorda manifestarlle á Real Banda de Gaitas e á persoa do seu director don José Luis Foxo Rivas os seus parabéns pola obtención desta importante distinción e o seu recoñecemento polo seu excepcional labor de contribución á promoción e difusión da cultura e a música na provincia de Ourense.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e quince minutos, do referenciado día vinte e tres de marzo do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE, **O SECRETARIO,**